
Orzamentos Xunta de Galiza 2020



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

PROXECTO DE ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALIZA PARA O ANO 2020

Desde a CIG levamos tempo pedindo medidas eficientes de redistribución da riqueza. A crise dos últimos anos serviu de pretexto para implantar reformas laborais, que profundaron a xa precaria situación da clase traballadora, xa que non só os novos empregos son precarios, senón que permitiron mudar, empeorándoa, en moitos casos, a situación das persoas traballadoras que permaneceron no mercado de traballo durante este longo período.

O pouco emprego que se está creando é de carácter inestábel e de escasa remuneración, porque precisamente é esta a base da competitividade do modelo polo que se apostou para saír da crise. Pero competir con precariedade ten un dobre perigo: hai países que teñen salarios máis baixo e abundante man de obra polo que é imposible competir; e, por outra banda, redúcese o consumo privado, e polo tanto a demanda interna, principal compoñente do PIB galego.

Apostouse por competir con precariedade laboral en vez de apostar pola investigación e a innovación tecnolóxica. Así, despois de 10 anos de goberno do Partido Popular, o único que nos queda é precariedade laboral e unha grave crise do sector industrial, xa que mentres en Galiza se pensaba como baixar máis os salarios para contentar as grandes empresas, noutras rexións, sen ir máis lonxe, no norte de Portugal, apostaban pola I+D+i, e hoxe superánnos en todos os indicadores de innovación, agás o de poboación con estudos superiores, que todo hai que dicilo, moitas desas persoas con estudos emigran a esta zona en busca dun posto de traballo.

Deste xeito, a emigración converteuse, de novo, noutro gran problema en Galiza. Agora son as persoas máis formadas as que emigran, co cal non só se perde talento senón tamén os recursos empregados na formación. Ademais contribúe a outro dos grandes problemas endémicos de Galiza: a perda de poboación. Se cadra, porque isto axuda a reducir as taxas de paro, é polo que se tende a agochar.

O resultado desta política non só está a deixar pobreza, desigualdade e crise industrial, senón que xa os indicadores macroeconómicos apuntan a unha ralentización económica; e así se amosa no cadro macroeconómico que serve de base para os orzamentos do ano 2020.

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma para o ano 2020 ascende á cantidade de 11.821.575 millóns de euros, o que supón un incremento do 2,4% con respecto a 2019. Para acadar a devandita cifra orzamentaria, a Xunta

vai incrementar o endebedamento en 1.642,1 millóns de euros (un 2% menos que o ano 2019). Nestes orzamentos para 2020 non se aprecian medidas que intenten paliar os problemas antes descritos, nin atallar a crise, ou recesión, que todo indica se aproxima.

Os orzamentos públicos son o principal instrumento para o desenvolvemento da política económica (e social) dun goberno, mais tamén determinan o peso do sector público na economía. Un dos principais indicadores para determinar o devandito peso é o rateo entre o gasto público non financeiro e o PIB. O gasto non financeiro para o ano 2020 está en torno aos 10.150 millóns de euros, o que aproximadamente pode situar este rateo na volta do 16% do PIB.

Un ano máis elabórase un orzamento sen coñecer o proxecto de orzamentos xerais do estado para 2020, co cal non se dispón dos datos que van conformar definitivamente o estado de ingresos para o devandito exercicio.

Con estas reservas, a base do orzamento é o cadro macroeconómico. De que medre ou non a economía vai depender, en gran medida, o crecemento da recadación tributaria; e do que se recade, vai depender o gasto.

Logo está a cor política do goberno, que este opte por recadar máis ou menos ou que prime un tipo de impostos en detrimento doutros... O mesmo ocorre co gasto; segundo como, canto e onde se gaste vai determinar un tipo de política económica e social, ou outra.

A política fiscal é regresiva. Así, os impostos indirectos (totalmente discriminatorios, xa que non teñen en conta a situación persoal da persoa) cada ano teñen un maior peso no total da recadación. No ano 2020 estímase que o 30,8% dos ingresos van proceder de impostos indirectos, mentres que dos directos vai proceder, apenas, o 22,1%; e dentro dos directos, o principal imposto, o IRPF, perdeu progresividade coas últimas reformas fiscais.

O abandono de políticas fiscais -e polo tanto, económicas- redistributivas é sen dúbida a principal causa do medre das desigualdades.

O escenario macroeconómico que prevé este orzamento fundaméntase no crecemento da demanda interna, xa que a demanda externa vai restar unha décima ao PIB.

Para o ano 2020 estímase un crecemento do PIB (Produto Interior Bruto) do 1,9%, unha décima menos do que se espera que remate 2019. A este crecemento económico soamente vai contribuír a demanda interna (2 puntos) xa que a demanda externa espérase que reste unha décima a devandito crecemento.

Cadro macroeconómico.

	2019	2020
Gasto en consumo final	2,9	1,9
Consumo fogares	3,5	1,9
Consumo AAPP	1,1	2
Formación bruta de capital	4,8	3
Achega demanda interna	3,1	2
Exportacións	-5,1	2,9
Importacións	-3,1	3,3
Achega sector exterior		
Produto Interior Bruto	2	1,9
Emprego	0,8	0,8
Taxa de paro	11,4	10,9

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2020.

No que atinxe á demanda externa, tanto ás exportacións como ás importacións, estímase que teñen un comportamento positivo no ano 2020, pero o crecemento destas últimas (3,3%) agárdase que sexa superior ao das exportación (2,9%), o que vai restar unha décima ao PIB. A previsión da evolución da demanda externa parece demasiado optimista, xa que non se perciben cambios substanciais na nosa economía que fagan presaxiar unha viraxe de semellante magnitude, máis ben ao contrario: Brexit; novos e importantes aranceis por parte dos Estados Unidos; deslocalizacións de procesos produtivos, especialmente da produción de bens de equipo e intermedios, etc., non invitan a prever un medre tan importante das exportacións, e sobre todo unha balanza comercial tan axustada.

No que atinxe á demanda interna, é o consumo público o único que experimenta un crecemento maior que no ano 2019. No resto dos compoñentes estímase unha importante ralentización, tanto do consumo privado (que se estima medre un 1,9% fronte ao 2,9% de 2019), como da formación bruta de capital, que só se prevé que medre un 3% en 2020 cando se espera que remate 2019 cun incremento do 4,8%. Importante atonía dos principais compoñente da demanda interna en contraste co importante crecemento do consumo público, o que sendo un ano electoral, fai, cando menos, desconfiar.

Polo que respecta ao emprego, o goberno galego estima que vai medrar a ocupación un 0,8%, o que equivale a aproximadamente 9.000 novos empregos, o que baixaría a taxa de paro ao 10,9%, medio punto menos que o dato co que se espera rematar 2019.

No proxecto de orzamento do ano 2019 a previsión era dun crecemento das persoas ocupadas do 1,4%, o que situaría a taxa de paro no 12,7%. A revisión destes indicadores no novo proxecto sitúa a taxa de crecemento do emprego no 0,8% (medio punto menos do previsto), e reduce a taxa de paro ao 11,4%; é dicir, con menos creación de emprego da prevista inicialmente, a caída da taxa de paro é maior. Que estes números cadren soamente se explica por unha forte caída da poboación activa.

A perda de persoas activas é unha constante nos últimos anos, e supón quizais o problema máis grave que ten o mercado de traballo galego, xa que obedece, especialmente, a dous motivos moi preocupantes: emigración e envellecemento da poboación. Tanto un como outro requiren dunha intervención rápida por parte da administración pública. E é nos orzamentos onde se teñen que plasmas estas actuacións. Plásmase algunha medida neste proxecto orzamentario para 2020? Nós non a atopamos.

Neste contexto macroeconómico, a Xunta presenta uns orzamentos cunha previsión de gasto de 11.821,57 millóns de euros, 277,22 millóns máis que no ano 2019, o que equivale a un incremento do 2,4%.

A previsión de ingresos é como segue:

Orzamento consolidada de ingresos. Datos en millóns de euros.

Capítulos	2019	2020	Variación	
			Absoluta	%
I. Impostos directos	2.431,25	2.616,4	185,15	7,6
II. Impostos indirectos	3.450,72	3.637,9	187,18	5,4
III. Taxas, prezos e outros ingresos	177,51	187,4	9,89	5,6
IV. Transferencias correntes	3.008,29	2.942,9	- 65,39	-2,2
V. Ingresos patrimoniais	8,68	7,5	- 1,18	-13,6
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	9.076,45	9.392,3	15,85	3,5
VI. Alleamento de investimentos reais	7,34	6,7	- 0,64	-8,7
VII Transferencias de capital	671,16	701,5	30,34	4,5
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	9.754,98	10.100,6	345,62	3,5
VIII. Activos financeiros	20,97	29,1	8,13	38,8
IX. Pasivos financeiros	1.768,39	1.691,7	- 76,69	-4,3
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	1.789,36	1.720,9	- 68,46	-3,8
TOTAL INGRESOS	11.544,35	11.821,5	277,15	2,4

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2020.

Comezando polo capítulo 1, **impostos directos**, estes achegan o 22,1% do total de ingresos. O maior peso dentro apartado corresponde á tarifa autonómica sobre o IRPF, tarifa na que se prevé un incremento do 9,2% para o ano 2020. A este medre contribúe o incremento dos salarios derivado, entre outros, da suba do SMI, mais tamén este aumento é consecuencia das devolucións que se están a realizar en virtude da sentenza que declarou exentas as rendas en concepto de prestación de maternidade e paternidade. O incremento do emprego, se se produce, tamén contribuiría ao devandito incremento.

Dentro deste capítulo, o Imposto sobre Sucesións e Doazóns reduce o seu importe en 2020 nun 6,9% con respecto ao previsto o ano anterior; debido basicamente ao incremento do mínimo exento de 400.000 a 1.000.000 de euros por herdanzas de familiares directos no imposto de sucesións e doazóns.

No que atinxe aos **impostos indirectos**, que se recollen no capítulo II e que contribúen nun 30,8% aos ingresos totais no exercicio 2020, prevese un medre do 5,4% con respecto a 2019.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) é o máis importante deste grupo, e é así mesmo o que máis medra, concretamente un 7,7%. Neste forte incremento, segundo se explica na memoria, inflúe a aplicación do novo o Sistema de subministración de Información Inmediata (SII), no ano 2017, que produciu atrasos en cobros e devolucións que fan que non sexa homoxéneo comparar un ano con outro, sobre todo porque non sabemos que parte se debe a incremento do consumo e que parte aos efectos que arrastra o novo sistema.

A recadación a través de impostos indirectos é a partida de ingresos máis importante dos orzamentos, o 30,7% do total.

As **transferencias correntes**, capítulo IV, acadan os 2.942,9 millóns de euros, un 2,2% menos que no ano 2019. Porén, a falta de orzamento do Estado fai que estes datos sexan aproximados.

Dentro deste capítulo inclúense transferencias tan importantes como as destinadas a dependencia, emprego, etc., que analizaremos máis polo miúdo como gasto.

A suma dos ingresos non financeiros acadan en torno aos 10.150,6 millóns de euros, un 3,5% máis que en 2019. Se a isto engadimos os non financeiros, basicamente débeda pública, os orzamentos sitúanse nos 11.821, 5 millóns, un 2,4% superiores aos do ano 2020.

O endebedamento previsto para 2020 acada os 1.691,7 millóns, un 4,3% menos que no ano 2019.

As **transferencias de capital**, capítulo VII, está previsto que acaden os 701,5 millóns de euros, un 4,5% máis que en 2019. Preto do 50% dos ingresos deste capítulo proveñen do programa operativo Feder, que achega 302 millóns de euros para 2020. É difícil ou practicamente imposible seguir a evolución dun ano para outro deste fondo; así, por exemplo, 45 millóns dos orzamentados para 2020 son certificacións de exercicios anteriores.

Neste capítulo tamén se inclúe o achegado polo Estado español a Galiza a través do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI); o previsto para 2020 son 42,4 millóns de euros, 1,6 millóns de euros menos que no ano 2019. O devandito fondo, xa de seu con pouca dotación, cada ano vai perdendo peso nos orzamentos.

O destino destes ingresos, por capítulos, é como segue:

Orzamento consolidado de gastos. Datos en millóns de euros.

Capítulo	2019	2020	Variación	
			Absoluta	%
I. Gastos de persoal	3.889,28	4.030,6	141,32	3,6
II. Gastos en bens correntes e de servizos	1.783,32	1.839,7	56,38	3,2
III. Gastos financeiros	165,41	143,3	- 22,11	-13,4
IV. Transferencias correntes	2.320,41	2.410,6	90,19	3,9
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.158,42	8.424,4	265,98	3,3
V. Fondo de continxencia	39,04	33,3	- 5,74	-14,7
VI. Investimentos reais	911,41	928,8	17,39	1,9
VII. Transferencias de capital	740,90	762,3	21,40	2,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.652,32	1.691,2	38,88	2,4
T. GASTOS NON FINANCIEROS	9.849,80	10.148,9	299,10	3,0
VIII. Activos financeiros	164,01	153,9	- 10,11	-6,2
IX. Pasivos financeiros	1.530,53	1.518,7	- 11,83	-0,8
TOTAL GASTOS FINANCIEROS	1.694,54	1.672,6	- 21,94	-1,3
TOTAL GASTOS	11.544,35	11.821,5	77,15	2,4

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2020.

No que atinxe á distribución económica do gasto, é dicir, por capítulos, dende o punto de vista sindical, o máis importante é o capítulo I, gastos de persoal. Para o ano 2020 están orzamentados 4.030,6 millóns de euros, un 3,6% máis que no ano 2019.

A este incremento contribúe desde o medre dun 2,2% dos salarios do persoal a cargo da administración, á actualización da carreira profesional de determinados colectivos, así como o incremento de prazas en educación, sanidade, incendios, etc.

No que atinxe ás transferencias, é máis importante analizalas por funcións, como faremos a continuación, xa que o montante global non fornece

información relevante; só cómpre salientar que as transferencias correntes medran un 3,9% e as de capital un 2,9%. En ambos os casos trátase de transferencias desde a Xunta a familias, empresas privadas ou públicas. Acollen gastos desde a RISGA, dependencia, axudas a investimento, etc.

O gasto público en capital da Xunta, se sumamos os capítulo VI e VII, chegará aos 1.690,8 millóns de euros, polo que non acada nin o 3% do PIB, cando levamos anos reclamando un investimento real, de tan só o capítulo VI non inferior ao 5% do PIB.

A débeda pública si é un capítulo importante. Para o ano 2020 a previsión é de amortizar débeda por valor de 1.518,7 millóns de euros, un 1,3% menos que durante este ano. Se á amortización de débeda (capítulo IX) lle engadimos os gastos financeiros (143,3 millóns), son 1.662 millóns; así, o 14% do total do orzamento é destinado a estes mesteres.

Un ano máis a amortización de débeda pública é inferior ao montante da nova débeda emitida, co cal se continúa a incrementar a débeda bruta da comunidade.

A débeda viva da comunidade vai acadar en torno ao 17,1% do PIB no ano 2020.

A distribución funcional do gasto permítenos concretar en maior medida os gastos do erario público.

Distribución funcional do gasto. Millóns de euros.

Grupos de función	2.019	2020	Variación	
			Absoluta	%
1. Servizos de carácter xeral	289,4	301,9	12,50	4,3
Alta dirección da CA	38,2	39,4	1,20	3,1
Administración xeral	67,3	71,7	4,40	6,5
Xustiza	158,6	156,3	- 2,30	-1,5
Administración local	15,1	17,2	2,10	13,9
Normalización lingüística	8,0	8,5	0,50	6,3
Procesos electorais e órganos de representación política	2,0	8,6	6,60	330,0
2. Protección civil e seguridade cidadá	29,6	29,0	- 0,60	-2,0
Protección civil e seguridade	29,6	29,0	- 0,60	-2,0
3. Protección e promoción social	1.042,7	1.102,5	59,80	5,7
Acción social e promoción social	774,4	821,4	47,00	6,1
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	262,6	274,4	11,80	4,5
Cooperación exterior	5,6	6,6	1,00	17,9
4.- Prod. de bens públ. de carácter social	6.628,5	6.866,0	237,50	3,6
Sanidade	3.985,4	4.107,3	121,90	3,1
Educación	2.360,1	2.466,5	106,40	4,5
Cultura	72,1	74,8	2,70	3,7

Deportes	24,2	25,2	1,00	4,1
Vivenda	77,8	80,3	2,50	3,2
Outros servizos comunitarios e sociais	108,6	111,6	3,00	2,8
5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.	932,7	888,5	- 44,20	-4,7
Infraestruturas	357,8	301,5	- 56,30	-15,7
Ordenación do territorio	15,7	15,6	- 0,10	-0,6
Promoción de solo para actividades econ.	17,8	3,6	- 14,20	-79,8
Actuacións ambientais	118,9	132,9	14,00	11,8
Actuacións e valorización do medio rural	144,3	148,2	3,90	2,7
Investigación, desenvolvemento e innovación	180,0	189,5	9,50	5,3
Sociedade da información e do coñecemento	93,3	92,2	- 1,10	-1,2
Información estatística básica	4,4	4,7	0,30	6,8
6.-Regulación económica de carácter xeral	92,1	90,3	- 1,80	-2,0
Actuacións económicas xerais	32,4	33,1	0,70	2,2
Actividades financeiras	59,7	57,1	- 2,60	-4,4
7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial	719,5	760,1	40,60	5,6
Dinamización económica do medio rural	323,8	345,1	21,30	6,6
Pesca	102,8	108,7	5,90	5,7
Industria, enerxía e minería	52,8	58,6	5,80	11,0
Desenvolvemento empresarial	159,9	157,9	- 2,00	-1,3
Comercio	15,8	15,8	-	0,0
Turismo	64,1	73,8	9,70	15,1
8.-Transferencias a entidades locais	133,6	140,8	7,20	5,4
Transferencias a entidades locais	133,6	140,8	7,20	5,4
9.-Débeda pública	1.675,9	1.642,1	- 33,80	-2,0
Débeda pública	1.675,9	1.642,1	- 33,80	-2,0
TOTAL	11.544,3	11.821,5	277,20	2,4

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2020.

Por grupos funcionais o de maior peso é o **grupo 4**, produción de bens públicos de carácter social; en conxunto absorbe o 58,1% do total do orzamento. Para o ano 2020 está previsto un gasto de 6.866,01 millóns de euros, un 3,6% máis que no ano 2019.

Neste grupo están incluídos servizos tales como sanidade e educación; para estes dous servizos está previsto un medre do 3,1 e 4,5% respectivamente.

Dentro de sanidade o incremento maioritario do gasto repártese entre atención hospitalaria (antes atención especializada) e atención primaria, con 65 e 46 millóns máis respectivamente.

No que atinxe a educación, a partida orzamentaria que máis medra en termos absolutos é educación infantil e primaria, que con 867,37 millóns vai recibir 29 millóns máis que este ano. A ensino secundario e formación profesional prevense destinar 811,15 millóns no ano 2020, 27 millóns máis que no ano 2019.

A vivenda -un dos grandes problemas hoxe da sociedade galega, sobre todo polo prezos abusivos do aluguer e a escaseza en determinados lugares- apenas se destinan 80 millóns de euros, 2,5 millóns máis que no ano 2019. Esta partida orzamentaria foi das máis castigadas durante a crise económica; chegou a ter uns fondos residuais (no ano 2014 só se destinaron 33 millóns no orzamento). A partir dese ano, 2014, comezou a incrementarse lixeiramente, pero aínda en 2020 a dotación orzamentaria é un 62% inferior á do ano 2010. Lóxico que, a día de hoxe, a vivenda sexa un problema importante en Galiza.

O **grupo 3**, protección e promoción social, acolle o 9,3% do total do orzamento, 1.102,53 millóns para o ano 2020 (un 5,7% máis que no proxectado para 2019). Este grupo, desde o punto de vista sindical, é un dos máis importantes, xa que nel están incluídos todos os programas de promoción de emprego, axuda a dependencia, RISGA...

Para acción e promoción social, estímase un gasto de 821,4 millóns, un 6,1% máis que en 2019. Dentro desta función, preto do 50% dos fondos van destinados ao programa de dependencia, concretamente 404,08 millóns de euros. No ao 2019 foron 382,87 millóns os orzamentados para este programa.

Os fondos destinados á Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) igualan a contía do ano anterior, isto é, son 64,00 millóns os destinados a esta axuda. Dato preocupante se temos en conta que o último informe sobre o estado da pobreza en Galiza, utilizando os parámetros do indicador AROPE (risco de pobreza e/ou exclusión social na Unión Europea), sinala que no noso país o 22,6% da poboación está nesta situación, porcentaxe semellante aínda á do ano 2010. Ademais existe unha compoñente de xénero moi preocupante neste indicador; se desagregamos por sexo, a taxa de risco de pobreza alcanza ao 24,4% das mulleres e ao 20,7% dos homes. Traducido a valores absolutos hai en Galiza en torno a 600.000 persoas en risco de pobreza, das cales o 56% son mulleres. Entendemos, desde a CIG, que esta partida é insuficiente, máxime nun momento onde os orzamentos medran e este programa mantén as mesmas cifras que o exercicio orzamentario anterior.

Tampouco compartimos que se “conxelen” os fondos do programa destinados a protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero. Para 2020 prevense destinar 14,1 millóns de euros a este fin, a mesma cantidade do ano 2019, malia ser este ano en curso un dos máis “negros”, o que evidencia a falta de medidas e apoio necesario.

En canto aos outros dous programas, acción para a igualdade, protección e promoción da muller pasa de 7,3 millóns en 2019 a 8,8 en 2020; e o de apoio á vida laboral e persoal, de 1,6 a 1,8 millóns.

No que atinxe a promoción de emprego, destínanse 274,46 millóns, un 4,4% máis que en 2019, ano no que se orzamentaron 262,69 millóns para este fin. A desagregación dos principais programas desta partida son os seguintes:

Principais programas de promoción do emprego.

	2018	2019	2020
Mellora e fomento da empregabilidade	45	50,6	53,22
Promoción do emprego autónomo	81,3	71	70,7
Formación profesional desempregados/as	76,3	86,7	84,3
Mellora da cualificación do emprego	14,4	7,6	10,4
Mellora da org. e adm. das relacións laborais e prevención	17,6	19,2	21,9
Promoción da economía social	4,1	20,2	27,05

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2020.

O programa que máis se incrementa dentro deste grupo, por segundo ano consecutivo, é o de promoción da economía social. Se no ano 2019 absorbeu practicamente o incremento do grupo, para o ano 2020 case o 50% do medre cáptao este programa.

No que atinxe á formación, para o próximo ano medran os fondos destinados a cualificación do emprego, e diminúen os fondos para formación profesional das persoas desempregadas, ao contrario do que acontecera o ano anterior. A inexistencia dunha política clara no que atinxe ao emprego é a conclusión á que podemos chegar á vista dos datos anteriores.

Seguindo coa análise funcional, chama a atención o forte descenso de fondos orzamentados para o **grupo 5**, produción e bens públicos de carácter económico, para o cal se prevé destinar un 4,7% menos que en 2019, o que equivale a un descenso de 44,2 millóns de euros. Dentro deste, infraestruturas e promoción de solo para as actividades económicas son os programas que sofren unha maior caída.

Dentro de infraestruturas, é o programa de conservación de estradas, tanto construción, explotación como conservación, o que rexistra o maior quebranto.

A dotación destinada a I+D+i vai acadar soamente 189,5 millóns de euros, cantidade moi escasa a pesar de medrar un 5,3% con respecto ao ano anterior. Así, apenas se destina a este programa o 1,6% do orzamento.

Dentro do **grupo 7**, regulación económica de sectores produtivos, que en conxunto aumenta a dotación orzamentaria un 5,4%, o grupo máis beneficiado é o de dinamización económica do medio rural (absorbe o 50% do medre). Neste grupo chama a atención o descenso da dotación do programa de fixación da poboación no medio rural, cando é un dos problemas máis prementes que existen neste medio.

En resumo, a pesar da ralentización económica que se prevé, e que a propia Xunta reconece nos orzamentos, non se aprecian cambios na política económica para atallar esta situación. Trátase, polo tanto, duns orzamentos continuístas, e en moitos casos de dubidosa credibilidade, tanto polo lado dos ingresos como dos gastos.

No que atinxe aos ingresos, ao non se coñecer o proxecto de orzamentos xerais do estado para 2020, non se dispoñen dos datos que van conformar definitivamente o estado de ingresos para este exercicio.

Esta incerteza afecta á previsión de gastos non só no montante global, senón en determinadas partidas que están cofinanciadas polo goberno central, caso da dependencia... O feito de ser 2020 ano electoral tamén impón prudencia na análise, xa que se anuncian medidas electoralistas, que deberemos agardar á execución orzamentaria para poder medir realmente o seu alcance.

O que si é innegábel é que, despois de 10 anos de goberno do Partido Popular, por primeira vez os orzamentos van ser lixeiramente superiores aos do ano 2009 (antes da crise) globalmente, pero aínda hai partidas importantes como as destinadas a vivenda, cultura, deporte, etc., con contías que aínda están moi por debaixo destes valores.

Así mesmo, os indicadores de poboación empregada, poboación activa, pobreza, desigualdade social, precariedade laboral...están en peor situación que antes do ano 2009.

Vigo, 4 de novembro de 2019

Natividad López Gromaz